

Venres, 15 de outubro de 2021

Núm. 199

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

### **PONTEVEDRA**

#### **Oferta de emprego público**

*REVOGACIÓN PARCIAL DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
POLO QUE SE APROBOU A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2017  
(1 PRAZA ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS)*

#### **ANUNCIO RELATIVO Á REVOGACIÓN PARCIAL DO ACORDO DE APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2017 POR SUPRESIÓN DUNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 04.10.2021, adoptou, entre outros o acordo de revogación parcial do acordo de aprobación da OEP do ano 2017, dispoñendo que se publique no Boletín Oficial da Provincia. En cumprimento do citado acordo, procédese a publicación do acordo:

“(…)

PRIMEIRO.- Revogar parcialmente o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 4 de setembro de 2017 (publicado no BOP núm. 11 do 18/09/2017) polo que se aprobou a Oferta de Emprego Público do Concello de Pontevedra para o ano 2017, no senso de deixar sen efecto a oferta pública da praza vacante de Enxeñeiro técnico de obras públicas do grupo A. Subgrupo A2. Clasificación: escala de administración especial, subescala técnica, clase Técnicos medios. Número de vacantes: 1 á vista de que no cadro de persoal anexo ao Orzamento municipal aprobado para o presente ano 2021 (BOP número 34 do venres 19/02/2021) e na relación de postos de traballo aprobada para o mesmo ano 2021 (BOP num. 39, do 26/02/2021), se suprimiron a praza e o correspondente posto de traballo de enxeñeiro técnico de obras públicas (CDG 5202) os cales se transformaron nunha praza de técnico medio en medio ambiente e un posto de técnico medio de medio ambiente e sostemento de espazos públicos (co mesmo CDG 5202), supresión que resulta incompatible coa súa oferta de emprego público e a posterior celebración de proceso selectivo ningún, dado que xa non existe na actualidade ningunha praza nin ningún posto vacante de enxeñeiro técnico de obras públicas con dotación orzamentaria.

(…)”

Recursos:

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, ao abeiro do establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao desta publicación, consonte ao disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: QOKTHT8JQK34A680



Venres, 15 de outubro de 2021

Núm. 199

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo de un mes segundo establece o artigo 124.2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.

Pontevedra, na data de sinatura electrónica.

